



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA EMBAIXADORXS DESTINO EUROPA. EXPEDIENTE DE SUBTEL Nº 2023000010860

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Aprobar as bases de participación na campaña Embaixadorxs Destino Europa

BASES DE PARTICIPACIÓN

I Introducción

EUROPE DIRECT A Coruña convoca aos membros do ClubUE a participar na rede de euroinflUEncers do centro e converterse en Embaixadorxs Destino Europa. Neste papel, axudarán a outros mozos e mozas a descubrir as oportunidades da Unión Europea para a xente nova a través das súas redes sociais.

EUROPE DIRECT A Coruña quere animar aos mozos e mozas da provincia da Coruña que pertencen ao ClubUE a converterse en cidadás e cidadáns activos e impulsores de cambios positivos no seu entorno. Para iso, ofrécelles a oportunidade de implicarse na difusión das oportunidades que a xuventude ten a través das diferentes políticas da Unión Europea para mellorar o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

II Calendario

A campaña desenvolverase dende o 17 de marzo ao 9 de maio. Estas son as datas clave:

- Período de inscrición: do 17 ao 24 de marzo de 2023
- Notificación ás persoas participantes (con lista de reserva): 28 de marzo de 2023



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

- Sesión de apertura local (online e obrigatoria): 10 de abril de 2023
- Sesión formativa – fase nacional (online obrigatorio): 11 de abril de 2023 (pendente de confirmación)
- Límite para a admisión de participantes da lista de reserva: 13 de abril
- Fase de publicación de contidos: do 11 ao 30 de abril (ambos incluídos)
- Comunicación dos datos de impacto: 3 de maio de 2023
- Entrega de premios (presencial e obrigatoria): 9 de maio (horario por determinar). Esta data poderá ser modificada por razóns sanitarias de pandemia ou causas de forza maior que impidan a súa celebración.
- Data límite para activar o bono: 9 de xuño de 2023
- Período de viaxe: 11 meses desde a activación do bono

III Candidaturas admisibles

Serán admitidas as candidaturas que cumbran cos seguintes puntos:

1. Inscripción enviada dentro do prazo establecido.
2. Requisitos de participación:
 - 2.1. Ter entre 18 e 25 anos de idade na data da presentación da solicitude de participación.
 - 2.2. Residir ou ter nacido nun concello da provincia da Coruña no momento da inscrición [Véxase cláusula V para máis información].
 - 2.3. Pertencer ou darse de alta no ClubUE.
 - 2.4. Ter un perfil activo en Instagram cunha antigüidade¹ mínima de 3 meses no momento da inscrición.

¹ Información dispoñible en Configuración/Seguridad/Datos e historial: Acceder a datos. De non ser posible acceder a esa información, solicitarase o envío da captura dunha publicación realizada, polo menos, tres meses antes da data de candidatura para o concurso.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

2.5. Ter previsto viaxar, polo menos, a outro país que sexa membro da Unión Europea no momento en que se acepta a solicitude.

2.6. Estar disposto/a a converterse en Embaixador/a.

2.7. Non ter participado como embaixador/a na edición anterior da iniciativa Embaixadorxs de EUROPE DIRECT A Coruña adicada ao Ano Europeo da Xuventude 2022.

IV Compromiso de participación

Os mozos e mozas que desexen participar na campaña adquiren os seguintes compromisos:

1. Estar dispoñibles para participar na sesión local de apertura que se celebrará en liña o día 10 de abril de 2023 (horario estimado: 13:00h).

2. Estar dispoñibles para participar na sesión formativa que se celebrará en liña o 11 de abril de 2023 (pendente de confirmar, horario estimado: 12:00h). Esta sesión estará aberta ás persoas participantes dos centros EUROPE DIRECT colaboradores: Asturias e Ciudad Real.

3. Estar dispoñibles para asistir, presencialmente, á entrega de premios que se celebrará o 9 de maio na Deputación Provincial. En caso de imposibilidade sobrevida, por causa de formación, emprego ou outras acreditadas documentalmente, poderá designarse representante para asistir ao acto de entrega de premios.

4. Remitir por correo electrónico a europedirect@dacoruna.gal un resumo do impacto acadado polas súas publicacións (posts e stories), no documento facilitado por EUROPE DIRECT A Coruña, unha vez finalizada a fase de publicación de contidos. A recollida dos datos de impacto debe realizarse despois de finalizar o período de publicación de contidos e enviarse o 3 de maio de 2023.

5. Difundir no seu perfil de Instagram a realización da viaxe (premio), mencionando expresamente que a concesión do premio foi realizada por EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

V Procedemento de candidatura

Para presentarse a esta convocatoria, debe encherse un formulario específico de candidatura en liña dispoñible en www.dacoruna.gal/europedirect e achegar os seguintes documentos de xustificación do cumprimento dos requisitos do concurso:

- Copia do DNI por ambas caras para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación.
- De ser o caso, xustificación documental de residencia. Poderá presentarse documentación que xustifique a vinculación laboral, académica ou de residencia na provincia da Coruña.
- Impresión/Captura de pantalla da información de conta de Instagram para acreditar a data de unión a Instagram cunha antigüidade mínima de 3 meses no momento da inscrición.

O período de inscrición abranguerá dende ás 00.00 horas do 17 de marzo ata ás 23.59 horas do 24 de marzo de 2023.

EUROPE DIRECT A Coruña seleccionará un máximo de 10 mozas e mozos como colaboradores na campaña de difusión Embaixadorxs Destino Europa atendendo exclusivamente a un criterio cronolóxico (data de recepción do formulario en liña). As persoas seleccionadas deberán cumprir os requisitos establecidos no punto III.

É responsabilidade da persoa que se presente á convocatoria enviar toda a documentación que se require neste punto V das bases, polo que EUROPE DIRECT A Coruña non ten a obriga de solicitarlle unha corrección de erros. Non obstante e para facilitar á persoa solicitante o proceso, a organización poderá solicitarlle documentación complementaria a través do correo electrónico, que terá ata o 24 de marzo ás 23.59 horas, para enviar a documentación ou aclaración requirida.

As comunicacións coa organización realizaranse por escrito a través do correo electrónico europedirect@dacoruna.gal. Puntualmente, a organización poderá realizar recordatorios a través de mensaxes directas de Instagram.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

VI Notificación dos resultados

O día 28 de marzo de 2023 as persoas candidatas recibirán por correo electrónico unha notificación onde se lles comunicará:

- Se resultaron seleccionadas como Embaixadorxs Destino Europa.
- Se non resultaron seleccionadas, pero foron incluídas na lista de reserva.

As renuncias á participación na campaña deberán ser comunicadas por escrito a través do correo electrónico europedirect@dacoruna.gal.

Crearase unha lista de reserva con ata 10 persoas para cubrir eventuais renuncias. Convidarase por orde e a través de correo electrónico ás persoas incluídas na lista de reserva para cubrir as posibles baixas. O 13 de abril será a data límite para a incorporación das persoas suplentes á campaña.

VII Sesións en liña

A participación na campaña require a asistencia obrigatoria ás seguintes sesións en liña:

1. Fase local - Sesión de apertura: 10 de abril de 2023 (horario estimado: 13.00-13:45h): sesión de carácter informativo para a presentación da campaña e dos mozos e mozas que actuarán como Embaixadorxs Destino Europa.
2. Fase nacional - Sesión formativa: 11 de abril de 2023 (pendente de confirmar): sesión de carácter formativo para explicar os contidos propostos durante a campaña. Esta sesión estará aberta ás persoas participantes dos centros EUROPE DIRECT colaboradores: Asturias e Ciudad Real.

Con carácter opcional para as persoas participantes de todos os centros EUROPE DIRECT, os centros EUROPE DIRECT organizarán Laboratorios de Ideas habilitados como espazos virtuais de encontro semanal para resolver dúbidas e/ou ampliar información sobre programas e oportunidades. Estes espazos estarán dispoñibles de luns a venres entre os días 11 e 28 de abril de 2023 ás 13.00 horas.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

VIII Contidos da campaña

A participación require unha publicación de contido en Instagram sobre cada un dos seguintes temas:

- 1.- Eu son embaixador/a
- 2.- Erasmus (nas súas diferentes vertentes: Estudos, Prácticas, Proxectos xuvenís)
- 3.- Corpo Europeo de Solidariedade (Voluntariado ou Proxectos solidarios)
- 4.- EU Youth Dialogue
- 5.- European Youth Event
- 6.- Erasmus for Young Entrepreneurs
- 7.- EURES
- 8.- Garantía Xuvenil
- 9.- DiscoverEU
- 10.- Interreg Volunteer Youth

IX Número de publicacións

Entre o 11 e o 30 de abril de 2023 as persoas participantes terán que publicar, como mínimo, 10 posts nos seus perfís de Instagram nos que traten cada un dos contidos da campaña. A orde de publicación é libre. A frecuencia de publicación será dun máximo de 1 post diario e cun máximo de 4 á semana.

Cada vez que publiquen un post da campaña, han de anunciar a través de stories de Instagram a súa publicación e incluír como enlace a páxina web de información oficial da UE que se indique na publicación [Véxase cláusula X das bases].

Cada participante deberá gardar todas as stories nunha carpeta de destacados de Instagram que na súa denominación faga referencia ao programa de Embaixadorxs. Esta carpeta de destacados deberá permanecer accesible ata a entrega do premio.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

Recoméndase a interacción co resto de participantes na campaña para incrementar a visibilidade das publicacións dos e das Embaixadorxs/as Destino Europa.

X Requisitos das publicacións

-Imaxe ou vídeo:

Os posts han de conter, como mínimo, unha imaxe ou un vídeo. As persoas participantes deben ter os dereitos de uso das imaxes ou vídeos que publiquen.

EUROPE DIRECT A Coruña pon a disposición das persoas seleccionadas os seguintes recursos para a obtención de imaxes. Poden empregarse para fins informativos aquelas imaxes cuxo copyright pertenza á Unión Europea e deben ser correctamente acreditadas, seguindo o formato que indica na descrición de cada fotografía. Non deben empregarse imaxes con persoas que poidan ser identificadas e non sexan figuras públicas, edificios ou obras de arte.

[European Commission Audiovisual Service](#)

[Multimedia Centre European Parliament](#)

As persoas participantes poderán empregar imaxes/vídeos de elaboración propia.

-Hashtags e etiquetas:

Os/As euroinflUEncers citarán/etiquetarán nas súas publicacións a @europedirectcoruna e engadirán os cancelos #clubue #euroinfluencer e #Embajadorxs2023.

-Textos

As persoas participantes redactarán os contidos das publicacións empregando fontes oficiais de referencia que lles facilitará EUROPE DIRECT A Coruña. Tamén poden expoñer experiencias propias ou alleas de participación nos programas e oportunidades que se inclúen nos contidos da campaña.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

-Enlace

Cada publicación ha de ter un enlace a unha páxina de información oficial da Unión Europea para que a audiencia poida ampliar o seu coñecemento sobre cada un dos temas. Este enlace deberá incluírse con formato link nas stories.

Publicacións inadecuadas, normas comunitarias da rede social e exención de responsabilidade:

A organización non permitirá comentarios ou opinións, imaxes, vídeos ou materiais gráficos inadecuados que sexan ofensivos, inxuriosos, discriminatorios ou que poidan vulnerar dereitos de terceiras persoas. Tampouco se permitirán publicacións que vulneren dereitos a honra, intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe. As opinións e puntos de vista expresados polas persoas participantes só comprometen ao seu autor ou autora e non reflicten necesariamente os de EUROPE DIRECT A Coruña ou a Deputación da Coruña. Nin EUROPE DIRECT A Coruña nin a autoridade outorgante poden ser consideradas responsables deles. Ademais, os comentarios non poderán vulnerar as regras comunitarias de Instagram nin as súas Condicións de Uso.

XI Medición de impacto

EUROPE DIRECT medirá os datos de interaccións coas publicacións das persoas participantes (me gusta e comentarios e tamén compartidos e gardados para as persoas participantes que teñan conta profesional de Instagram) a efectos de seguimento da campaña.

A organización facilitará as persoas participantes un documento para encher cos seus resultados de impacto (posts e stories) e que deberán remitir por correo electrónico e en formato editable a europedirect@dacoruna.gal o 3 de maio de 2023. A recollida dos datos de impacto debe realizarse despois de finalizar o período de publicación de contidos.

EUROPE DIRECT poderá compartir os contidos das persoas participantes na campaña e/ou citar os seus nomes e as súas contas de Instagram en redes sociais.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

XII Premios

EUROPE DIRECT fará entrega dun máximo de dez premios, consistentes en bonos de viaxe (Interrail Global Pass) para explorar a Unión Europea en ferrocarril, por un valor de 264 €. O bono deberá ser activado antes do 9 de xuño de 2023. As persoas premiadas dispoñen de 11 meses para realizar a viaxe desde o momento da súa activación.

Para ter dereito á recepción do premio os/as participantes deben ter cumprido o establecido en todos os apartados das bases, relativos aos contidos obxecto da campaña, número de publicacións e requisitos das mesmas.

A entrega de premios será realizada o 9 de maio de 2023 de forma presencial, salvo razóns sanitarias ou de forza maior que impidan a súa celebración. Nese caso, poderá modificarse a data de entrega de premios.

A recollida do premio será persoal. En caso de imposibilidade sobrevida, por causa de formación, emprego ou outras acreditadas documentalmente, poderá designarse representante para asistir ao acto de entrega de premios.

A organización resérvase o dereito a substituír os premios por outros de igual ou maior valor se algún dos premios non estivese dispoñible por calquera motivo.

As persoas premiadas recibirán un certificado acreditativo da súa participación na campaña de Embaixadorxs Destino Europa.

XIII Reserva de billetes e datas de viaxe

As persoas premiadas deberán empezar a viaxe nun país que sexa Estado membro da Unión Europea.

As viaxes deben incluír, como mínimo, un percorrido por un Estado membro da Unión Europea diferente do país de orixe.

O Interrail Global Pass que reciben as persoas premiadas permítelles viaxar durante un período máximo dun mes, cun número total de 7 días de viaxe, en 2ª clase.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña designará unha axencia de viaxes que se encargará de reservar, comprar e entregar os bonos de viaxe das persoas premiadas.

As persoas premiadas non deben en ningún caso reservar bonos persoalmente ou a través doutra axencia de viaxes. Non se reembolsarán os bonos adquiridos directamente polos/as participantes premiados.

As persoas premiadas deberán contactar co provedor designado por EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña e facilitarlle a información precisa para a activación dos seus bonos de viaxe.

Unha vez activado o bono de viaxe, as persoas premiadas poden viaxar en días consecutivos ou distribuílos durante o período dun mes. Recoméndase consultar se os traxectos previstos durante a viaxe requiren facer reserva. Neses casos, as persoas premiadas deberán facer a reserva directamente antes ou durante o seu período de viaxe. EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non cubrirá os gastos de reserva nin outros custos incurridos durante a viaxe.

Hai un orzamento máximo de 264 euros para cada premiado.

Non están cubertas as cancelacións dos itinerarios. EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non cubrirá ningún suplemento nin ningún outro gasto incurrido durante a viaxe.

Correrán por conta de cada premiado/a os gastos de aloxamento, manutención, seguros, suplementos de viaxe e calquera outro tipo de gastos como, por exemplo, custos de reserva extra en coches-cama de trens nocturnos.

XIV Medios de transporte

Como norma xeral, os/as premiados/as viaxarán en ferrocarril. Só se poderá viaxar en 2ª clase ou en clase turista. Outras modalidades de transporte poderán ser valoradas coa axencia de viaxes designada.

As persoas premiadas terán a opción de substituír o bono por outro de inferior valor e consumir o resto do importe ata o orzamento máximo de 264 euros en aloxamento ou outros medios de transporte.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

XV Renuncia e anulación da viaxe

Cada bono de viaxe será nominativo e intransferible en todas as circunstancias. Non poderá modificarse o nome que figure no bono de viaxe.

Se, por calquera motivo, unha persoa premiada quere renunciar debe informar inmediatamente e por escrito tanto a EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña a través do correo electrónico europedirect@dacoruna.gal como ao provedor designado a través do enderezo electrónico que se facilite coa entrega do premio.

O bono de viaxe non é intercambiable nin reembolsable.

XVI Información sobre a viaxe

As persoas admitidas adquieren o compromiso de difundir no seu perfil social a realización da viaxe (premio), mencionando expresamente que a concesión do premio foi realizada por EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña.

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña quere coñecer as experiencias e aventuras das persoas premiadas, polo que animará aos/ás Embaixadorxs Destino Europa a que continúen compartindo a súa experiencia a través das redes sociais ou mediante unha presentación no seu centro educativo ou na súa comunidade local, colaborando, por exemplo, co seu Centro Municipal de Información Xuvenil.

XVII Exención de responsabilidade

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non ofrecerá cobertura de seguro, que é responsabilidade exclusiva de cada premiado/a.

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña e o seu provedor non se fan responsables de ningún dano ocasionado ou sufrido por calquera das persoas premiadas, incluídos os danos a terceiros ou causados por estes a consecuencia das actividades subvencionadas ou durante a súa execución.

EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña e o seu provedor non se fan responsables de calquera dano material, non material ou físico que sufran as persoas premiadas ou acompañantes durante a súa viaxe ou a súa estancia.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

A axencia designada por EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña non pode garantir que se leve a cabo a viaxe prevista.

Aconséllase ás persoas premiadas que contraten os seguros de enfermidade e de viaxe adecuados para toda a duración da viaxe. Polo xeral, grazas á Tarxeta Sanitaria Europea, os sistemas nacionais de seguro de enfermidade garanten unha cobertura sanitaria básica durante a viaxe. Non obstante, é posible que a cobertura da Tarxeta Sanitaria Europea ou dos seguros de enfermidades privadas non inclúan todos os casos posibles, especialmente cando se trate de repatriación ou intervención médica específica. Para eses casos, é aconsellable subscribir un seguro complementario.

XVIII Lexislación aplicable

A presente campaña réxese polo disposto nas presentes Bases e, no non previsto nas mesmas, pola lexislación española vixente.

A participación na campaña supón a aceptación expresa e total das presentes bases e a submisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña. Todos os conflitos que se susciten en aplicación das presentes bases e en caso de diverxencia entre as persoas participantes e a interpretación das presentes bases por EUROPE DIRECT A Coruña – Deputación da Coruña, resolveranse polos Xulgados e Tribunais de A Coruña.

XIX Protección de datos

Os seguintes datos serán tratados pola Deputación da Coruña con dirección en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, para xestionar a actividade e dar publicidade á mesma en medios institucionais e/ou medios de comunicación: nome e apelidos, teléfono, correo electrónico, nome de usuario en Instagram, imaxe e voz.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento que o/a participante outorga á Deputación Provincial coa súa firma.

A organización non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coas finalidades para as que se solicitaron e para determinar as posibles



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

responsabilidades que se poidan derivar das finalidades expostas e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou en persoa nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RGPD poden presentar unha reclamación ante a AEPD.

Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos as persoas interesadas poden dirixir un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

• DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Sesións en liña: as sesións en liña realizaranse a través dunha plataforma web facilitada por EUROPE DIRECT A Coruña ou polos centros EUROPE DIRECT participantes. Para estes efectos a entidade organizadora remitirá ligazón ao correo electrónico previsto para facilitar o acceso á sesión.

Será necesario dispor de cámara web e micrófono para participar nas sesións en liña, estes dispositivos activaranse e desactivaranse durante as sesións a pedimento da organización.

As sesións non serán gravadas.

Realizaranse capturas de pantalla durante as sesións en liña ao efecto de dar publicidade á actividade nas plataformas de comunicación de EUROPE DIRECT A Coruña-Deputación da Coruña e dos centros EUROPE DIRECT participantes.

Acto de entrega de premios: O acto da entrega de premios poderá ser obxecto de gravación de imaxe e voz ao efecto de dar publicidade á actividade nas plataformas de comunicación de EUROPE DIRECT A Coruña-Deputación da Coruña, respectando sempre o disposto na vixente normativa de protección de datos, así como o estipulado na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

O prazo da cesión dos dereitos de imaxe e voz será por tempo indefinido, de forma gratuíta e sen límite no seu ámbito territorial. A Deputación provincial da Coruña



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

OFICIALÍA MAIOR
EUROPE DIRECT A CORUÑA

coidará de que a captación e a utilización das imaxes non atente contra a dignidade nin o dereito á honra das persoas, nin contra a moral e a orde pública, nos termos establecidos na lexislación vixente.